

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE CONSTRUCCIONES RURAIS (ESCOLAS, LAVADOIROS, FONTES, CRUCEIROS, ETC.. E PERIURBÁNS (CEMITERIO SAN FROILÁN E OUTROS) SINGULARES E PATRIMONIAIS (PLAN MELLORA LUGO 2014). Nova proposta de adxudicación.

Sendo as 13:00 horas do día 20 de ~~novembre~~ de 2014, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por dona Rosana Rielo Rozas, Oitava Tenenta de Alcalde Delegada, actuando en suplencia da Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación e actuando como vocais dona Esther Muñoz Mella, en representación do Partido Socialista PSG-PSOE, don José Manuel Díaz Grandío, pola Concellería de Deportes, don Ángel Trabada Gómez, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular (PP), dona Paz Abaira, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dona Ana Isabel Sáez Mancebo, titular da Asesoría Xurídica, don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral do Concello de Lugo, e actuando como secretario da Mesa don Manuel Louzao Aldariz, xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

A continuación procédese a informar por parte do secretario aos membros da mesa de contratación de que, segundo o informe emitido polo servizo de tesourería municipal a empresa SERVIGAL GALICIA REPARACIONES Y ASISTENCIA, S.L., - proposta pola mesa como adxudicataria da contratación de referencia-, ten débedas de carácter tributario con este Concello con anterioridade á data 15 de outubro de 2014, sendo por tanto falsa a declaración responsable emitida por esta empresa para poder tomar parte no procedemento de contratación e non reunindo os requisitos necesarios para ser contratista. Á vista desta circunstancia, os integrantes da mesa acordan excluír á empresa SERVIGAL GALICIA REPARACIONES Y ASISTENCIA S.L e propoñer como adxudicataria do contrato a PORTOSAR GALICIA S.L, a seguinte empresa segundo a puntuación obtida nos criterios de adxudicación.

Sen máis que tratar, dáse por rematada a sesión sendo as 13:30 horas do día sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA,



Asdo.: Rosana Rielo Rozas



O SECRETARIO,



Asdo.: Manuel Louzao Aldariz